

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, SA, COA FINALIDADE DO MANTEMENTO INTEGRAL DO EQUIPAMENTO DE ALTA TECNOLOXÍA DA MARCA PHILIPS.

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que en data 10 de maio de 2023 formalizouse entre a CONSELLERÍA DE SANIDADE, o SERVIZO GALEGO DE SAÚDE e GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, SA o instrumento convencional arriba referido, o cal resulta efectivo dende a data da súa sinatura e estende a súa vixencia ata o momento que se extinga o contrato referido no seu obxecto ou, no seu caso, ata o 30 de xuño de 2027, sen prexuízo da súa prórroga que debería formalizarse a través da correspondente addenda ao este Convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre as partes para o financiamento conxunto do mantemento integral do equipamento de alta tecnoloxía e sistemas asociados, da marca PHILIPS, instalados nos centros dependentes da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA. Preténdese con isto manter o dito equipamento nas condicións de seguridade e funcionalidade coas que foron deseñados polo fabricante, así como garantir o máximo tempo de dispoñibilidade do equipamento, tratando de evitar as paradas non planificadas e acortando a duración das que cheguen a producirse, e o máximo tempo de vida útil dos sistemas.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade, segundo o o artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de Autonomía para

Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril.

De conformidade co artigo 31 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, correspóndelle á Consellería de Sanidade a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia, que ten entre os seus principios reitores a cooperación intersectorial, a integración funcional dos recursos apostando por fórmulas colaborativas, a calidade dos servizos e a mellora continua, así como a eficacia, efectividade e eficiencia na xestión do sistema e a procura da suficiencia de recursos.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989 e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Así, o artigo 1 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, prevé que para o adecuado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, configúrase o Servizo Galego de Saúde como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, adscrito á Consellería competente en materia de Sanidade.

O Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do sistema público de saúde de Galicia, establece sete áreas sanitarias que operan como estruturas organizativas sen personalidade xurídica ás que lles corresponde, con autonomía funcional e de xeito integrado, a xestión dos centros, recursos sanitarios, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria coma hospitalaria, así como a coordinación sociosanitaria e de promoción e protección da saúde, nos seus respectivos ámbitos territoriais.

Pola súa banda, Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA, é unha empresa pública autonómica creada por Decreto 229/1994, do 14 de xullo, baixo a denominación de "Instituto Galego de Medicina Técnica S.A."

Por Decreto 209/2008, do 28 de agosto, procedeuse á modificación da denominación e obxecto sociais, pasando a denominarse Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA, configurándoa como medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da



Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos e entidades de natureza pública, para a execución das actividades que por elas lle sexan encomendadas, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social, estando obrigadas a realizalas de acordo coas instrucións fixadas unilateralmente polo encomendante.

A entidade instrumental ten por obxecto o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no eido sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario.

De conformidade cos principios de eficacia e coordinación consagrados no artigo 103 da Constitución española e no actual contexto económico, ao que non son alleas as Administracións públicas, que trae consigo a necesidade de impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, o presente convenio vai destinado á favorecer a optimización dos recursos económicos das administracións públicas involucradas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos.

Neste senso, a Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, sinala non seu artigo 15.1, baixo ou epígrafe “acordos de colaboración ou cooperación para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común” que os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público autonómico poderán chegar a acordos para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común. Segundo o apartado 3 deste artigo “cando o financiamento conxunto se realice entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público ou entre estas entre si, se formalizará un convenio de colaboración entre elas co mesmo contido expresado no apartado anterior”.

No mesmo sentido se expresa o artigo 323.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público por canto prevé que cando o contrato resulte de interese para varias entidades ou departamentos ministeriais e a tramitación do expediente deba efectuarse por un único órgano de contratación, as demais entidades ou departamentos interesados poderán contribuír ao seu financiamento, nos termos que se establezan regulamentariamente e con respecto á normativa orzamentaria, na forma que se determine en convenios ou protocolos de actuación.



A tecnoloxía médica é considerada coma unha das variables clave que inflúen de xeito decisivo na calidade do proceso asistencial, facilitando o diagnóstico e a terapia para garantir a asistencia sanitaria en tempo e forma. O mantemento e a actualización continua do equipamento médico e os seus compoñentes, especialmente nos equipos de alta tecnoloxía, é esencial para garantir a seguridade dos pacientes e dos profesionais que o utilizan así como para acadar a súa máxima dispoñibilidade e prolongar a súa vida útil. No caso do equipamento de alta tecnoloxía, que só pode ser mantido polo seu fabricante, a marxe de negociación é escasa, polo que a contratación centralizada e por un período amplo son practicamente os únicos mecanismos para negociar mellores condicións.

É por todo o anterior que as partes intervenientes amosáronse interesadas en levar a cabo, a través do Servizo Galego de Saúde, a posterior licitación e contratación de ditos servizos, para o que subscribiron o convenio ao que se refire a presente memoria.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

